



Concello de Outeiro de Rei

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA DE 27 DE NOVEMBRO DE 2.020

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e cinco minutos do día vinteseite de novembro de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D. Luis Varela Pérez; D^a Pilar Méndez Lombao; D. José Yebra Amorín; D^a María José Martínez Vigo; D. Xosé Ferreiro Fernández; D. Xabier Molinos Campos e D^a María del Carmen Acacio López co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Incorporase a Concelleira D^a Begoña Seco Varela no debate do punto primeiro da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

O alcalde inicia o debate informando que se convoca este pleno extraordinario xa que remata o prazo o 15 de decembro para presentar o plan de acción para o clima e a enerxía e non puido elaborarse para a súa aprobación no pleno anterior.

A continuación defende a seguinte proposta de resolución:

APROBACIÓN DEL PLAN DE ACCIÓN PARA EL CLIMA Y LA ENERGÍA DEL AYUNTAMIENTO DE OUTEIRO DE REI (PACES)

En el año 2008 la Comisión Europea creó el "Pacto de los alcaldes" con el propósito de alcanzar una serie de objetivos en materia de clima y energía para todos aquellos municipios que voluntariamente se comprometieran a alcanzar dichos objetivos.

Las ciudades firmantes se comprometen a actuar para respaldar la implantación del objetivo europeo de reducción de los gases de efecto invernadero en un 40 % para 2030 y la adopción de un enfoque común para el impulso de la mitigación y la adaptación al cambio climático. Desde entonces son más de 10.000 los municipios de 60 países, la mayor parte en Europa que se han ido comprometiendo con los objetivos fijados, abarcando una población de más de 320 millones de habitantes.

En el año 2015 el Pacto de los Alcaldes para el Clima y la Energía, mediante un proceso consultivo, fija nuevos retos: las ciudades firmantes se comprometen a respaldar activamente la implantación del objetivo de reducción de los gases de efecto invernadero en un 40% para el 2030.





Concello de Outeiro de Rei

La traducción de este compromiso se materializa en el PACES: Plan de Acción para el Clima y la Energía en el que se esbozan las acciones clave que se pretende acometer. El plan incluye un inventario de emisiones de referencia para realizar el seguimiento de las acciones de mitigación y una Evaluación de Riesgos y Vulnerabilidades Climáticas.

El ayuntamiento de Outeiro de Rei se adhirió al pacto dos alcaldes en el año 2019 por medio de la firma del compromiso por parte de la alcalde en cuya virtud el Ayuntamiento de Outeiro de Rei aceptó los compromisos que se sintetizan a continuación:

- Reducir las emisiones de CO2 (y posiblemente otras emisiones de gases de efecto invernadero en su territorio en un 40% como mínimo de aquí a 2030, en particular a través de la mejora de la eficiencia energética y de un mayor uso de las fuentes de energía renovables.

- Aumentar su resiliencia mediante la adaptación a las repercusiones del cambio climático.

En el Diario Oficial de Galicia núm. 93, del 14 de mayo de 2020 la Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda de la Xunta de Galicia se publicó la Orden del 5 de mayo de 2020 por la que se establecen las bases reguladoras para la concesión de ayudas a entidades locales firmantes del Pacto de los Alcaldes para el clima y la energía sostenibles, cofinanciadas por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional con cargo al programa operativo Feder Galicia 2014-2020, y se procede a su convocatoria, en régimen de concurrencia no competitiva para el año 2020.

El día 1 de septiembre de 2020 se recibió la resolución de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda de Concesión de esta subvención por un importe de 6.000,00 € (IVA incluido) lo que cubre el 100% de los gastos de redacción del Plan.

Considerando que la Orden de convocatoria establece en su artículo 19 que el plazo de justificación de la citada subvención finaliza el 30 de noviembre de 2020 y, así mismo, establece en su artículo 3, apartado 2, que una vez redactado el PACES, este tendrá que ser aprobado por el Pleno de la Corporación municipal y correctamente registrado telemáticamente en el sitio web de la Oficina del Pacto de la Unión Europea, según los procedimientos establecidos por la propia oficina.

Esta Alcaldía eleva al Pleno de la Corporación la siguiente propuesta de ACUERDO:

PRIMERO.- Aprobar el “PLAN DE ACCIÓN PARA EL CLIMA Y LA ENERGÍA DEL CONCELLO DE OUTEIRO DE REI”.

A concelleira do PSOE, dona María del Carmen Acacio López, expón que é unha leducia





Concello de Outeiro de Rei

que tantos concellos, a nivel internacional, se unan para mellorar a situación actual do medio ambiente.

Non obstante manifesta o seu desacordo en algún puntos do plan como:

A implantación da rede de telecomunicacións que permitirán a redución das emisións contaminantes grazas á compra online. Este enfoque de promocionar o comercio online fai que os comercios locais desaparezan. A desaparición do comercio de proximidade produce un empobrecemento do tecido social.

O fomento do vehículo eléctrico debe realizarse con cautela, xa que a pegada ambiental de este tipo de mobilidade depende das tecnoloxías de fabricación das baterías e da fonte de produción da electricidade. Soamente un vehículo eléctrico movido por fontes de enerxías renovables ten un impacto ambiental positivo. Pregunta cómo vai o concello a solucionar iso.

Por último, pregunta cómo se vai a considerar a contaminación producida polo uso do Circuito de Robra, xa que este circuito non está incluído no plan pero que os gases e o ruído que emiten os vehículos que o empregan teñen un considerable impacto ambiental.

Por último, critica que o plan non se redactara en galego así coma que se agardase ao último día para a súa remisión aos membros da Corporación, a pesares da complexidade propia de un plan coma este.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro Fernández intervén expoñendo que dende o BNG alédanse deste cambio de actitude do Partido Popular, que non ai moitos anos o Presidente do Goberno dese partido negaba que houbera un cambio climático.

Este documento que presentan está feito ás presas e cunha total improvisación. Non é de recibo que un documento técnico de 85 páxinas se presente á comisión informativa con dous días de antelación, xa que merma a posibilidade dos membros da corporación de analízalo e podelo enriquecer coas súas aportacións ou emendas.

Analizando o seu contido, advirte que o texto está copiado de calquer outro documento válido para calquer outro concello, xa que está cheo de afirmacións xenéricas propias de un corta-pega.

Lamenta profundamente que non se redactara en galego, cousa inexplicable debido á altísima contía que vai cobrar o redactor, xa que a realidade é que o día 30 de novembro remata o prazo para poder cobrar os 6000 euros da Xunta de Galicia co que pagar este informe, informe de unha calidade moi lonxe de merecer estes honorarios.

Á vista da baixa calidade de este proxecto o do prezo que o Concello pagará por él, o





Concello de Outeiro de Rei

concelleiro do BNG teme que volte a acontecer o que xa aconteceu anteriormente; que co anuncio da inxección de cartos procedentes de Europa comencen a crearse empresas e proxectos co único e lucrativo fin de “cazar subvencións”, desperdiciando unha vez máis as oportunidades de rexeneración social e económica.

Nos anos 90 captaronse subvencións para dilapidar, en moitos casos, unha boa parte dos fondos europeos para financiar partidas, adxudicacións a empresas de coñecidos... O BNG teme que esta operación sexa n aliña de captar os 140 millóns de euros que veñen de Europa para paliar os efectos da Covid-19. E empezarán a aparecer empresas creadas única e exclusivamente para captar eses fondos.

Faise un plan teóricamente moi ambicioso, cunha Comisión de seguimento na que a oposición non pode estar, xa que o nomeamento dos seus membros compete exclusivamente ao Alcalde, e a pesares delo preténdese que se vote a favor de algo sobre o que non van ter participación.

Por último recordan que, en tanto se fai con cartos públicos existe a obriga legal de facelo en galego, e máximo cando o Concello de Outeiro de Rei leva unha importante subvención de normalización lingüística.

O alcalde contesta á concelleira do PSOE de que o comercio online beneficia a todos. Evidentemente debe terse en conta tanto as familias coma ás empresas tanto para mercar como para vender online.

Respecto aos vehículos eléctricos o problema ambiental das tecnoloxías de fabricación das baterías terá que resolvelo a Unión Europea ou o Goberno de España, non o Concello de Outeiro de Rei, xa que se trata de un problema moi alonxado da súa capacidade normativa ou económica.

Afirma que os de esquerdas son moi dados a asertar que un día todo ten que ser eléctrico e outro día xa non, alegando, coma neste caso, que contamina a produción da electricidade. O que dí o sentido común é que o avance en materia ambiental se producirá a medida que se desarrollan as tecnoloxías.

En relación ao Circuito de Robra, ao igual que calquer outra infraestrutura, que se espera poder construír, teránse en conta as posibles medidas a adoptar co obxectivo de diminuír os gases de efecto invernadoiro.

En relación á crítica da voceira do PSOE sobor o uso do Castelán, lamentablemente non lle sorprende debido á deriva que está a seguir este partido, adoptando posicións propias do BNG. En calquer caso recórdalles que neste concello practicamente a totalidade da documentación xenérase en galego.





Concello de Outeiro de Rei

O Alcalde contestalle ao concelleiro do BNG de que todo o que se fai faise coa idea de executalo, polo que agradécelle que den por suposto que o Partido Popular estará gobernando en Outeiro de Rei durante todo o período de vixencia do Plan (2030).

En relación ás afirmacións do BNG relativas á dilapidar subvencións, puntualiza que este proxecto púxose en marcha moito antes de que se anunciara o plan de rescate da UE, e que este concello está aberto a concurrir a todo tipo de axudas orientadas a proxectos que sexan interesantes para o Concello.

O concelleiro do BNG contestalle ao Alcalde explicándolle que o galego é unha lingua que xa está tendo dificultades e cando se gastan os cartos públicos debe votárselle unha mán.

O alcalde insiste en que a meirande parte dos documentos do Concello de Outeiro de Rei redactanse en galego, que él case nunca fala en castelán e que neste concello case ninguén o fala e quen fala castelán está o suficientemente preparados para falar e contestar en galego.

Afirma que o mesmo dereito ten quen quere que se publique algo en galego coma que quere que se publiquen en castelán. Síntese identificado co galego pero non coa obriga de falalo, e reprocha que incluso algúns do BNG que tanto defenden o galego despois escoitaos falar en castelán.

E respecto a admitir documentos en galego, todo o mundo ten dereito a falar e escribir no idioma que queira dos dous idiomas que son cooficiais, permitindo isto que se poidan coñecer as dúas linguas e que se poidan empregar cando se queira.

Rematado o debate sométese a votación a proposta de aprobación do plan de acción para o clima e a enerxía do Concello de Outeiro de Rei.

Realizada a votación, queda aprobada con oito votos a favor correspondentes aos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, tres vostos en contra pertencentes aos concelleiros do BNG e unha abstención da concelleira do PSdG-PSOE.

2-APROBACIÓN DAS ACTAS AS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 24 DE SETEMBO E 29 DE OUTUBRO DE 2020

Ponse de manifestó aos srs. Concelleiros a acta correspondente ás sesións celebradas os días 24 de setembro e 29 de outubro de 2020.





Concello de Outeiro de Rei

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de ditas actas.

Realizada a votación, as actas resultan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as trace horas e cincuenta e cinco minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

